XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

PP/aa

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que, o 11 de abril de 1984, o Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra tomou o acordo de clasificar como tal o nomeado monte "CAMPO DO COUTO, TORROSO E OUTROS", da pertenza á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Santa Mariña de O Rosal, concello de O Rosal, provincia de Pontevedra.

Publicado dito acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra non se presentou reclamación algunha, polo que é firme.

2º.- Que, a Comunidade de Santa Mariña de O Rosal, con data 22 de agosto de 1991, presentou certificación do acordo adoptado en asamblea xeral, celebrada o 4 de agosto de 1991, acordando solicitar la firma dun Convenio que afecte ás 930 Hás. de monte da súa pertenza, previa rescisión do Consorcio formalizado entre o Concello de O Rosal e o ICONA, PO-3007, facultando ó Presidente, D. Antonio Dorna Barbosa para firma-lo Convenio.

3º.- Que, o ano de comenzo do Consorcio foi 1940.

4º.- Que, o estado forestal do monte é como sigue:

Superficie arbolada ..... 548 Hás.
Superficie rasa ......... 382 Hás.
Superficie total ........ 930 Hás.

5º.- Que, os gastos por traballos mailos ingresos do monte, segundo consta na conta do "anticipo reintegrable", foron:

Gastos ............................ 36.422.983.- Pts.
Ingresos, incluída a condonación da
débeda, Lei 13/89 .................. 50.225.631.- Pts.
Saldo a favor do monte .......... 13.802.648.- Pts.

.../...

A vista de todo elo, propoñemos a V.E.:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTES DE O ROSAL"
Elenco: 3615650
Superficie: 930 Hás.
Pertenza: Comunidade Santa Mariña de O Rosal
Concello: O Rosal
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Interés sobre o anticipo: 1%
Participación da propiedade no vó creado: 70%
Participación da Consellería no vó creado: 30%
Saldo inicial da conta: CERO Pts.

SEGUNDO.- Que se anule o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "CAMPO DO COUTO, TORROSO E OUTROS"
Elenco: PO-3007
Superficie: 831 Hás.
Pertenza: Comunidade de Santa Mariña de O Rosal
A descontar da conta de ingresos: 50.225.631.- Pts.
A descontar da conta de gastos: 36.422.983.- Pts.

No obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 1991.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,

XUNTA DE GALICIA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Pedro Pablo Iñiguez Alonso.

Vº. Bº.
O DIRECTOR XERAL,

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES.

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

Edificio Administrativo, San Caetano - SANTIAGO

ILMO. SR.:

Visto o expediente relativo á sinatura dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a comunidade veciñal de Santa Mariña de O Rosal, propietaria do monte veciñal en man común "Montes de O Rosal", do concello de O Rosal, e á vista do informe favorable emitido pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias forestais de Pontevedra, procede a aprobación do devandito convenio, nos términos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da producción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu regulamento; e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sin aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto. Asimesmo, axústase ó disposto na Lei de Galicia 13/1989 de montes veciñais en man común.

Santiago, 23 de decembro de 1991.

O XEFE DA SECCION XURIDICA

XUNTA DE GALICIA · DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL · CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Xosé Lago García.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Edificio Administrativo, San Caetano - SANTIAGO

PP/aa

Visto o informe favorable da Sección Xurídica da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e a proposta da mesma, con esta data RESOLVIN:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTES DE O ROSAL"
Elenco: 3615650
Superficie: 930 Hás.
Pertenza: Comunidade Santa Mariña de O Rosal
Concello: O Rosal
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Interés sobre o anticipo: 1%
Participación da propiedade no vó creado: 70%
Participación da Consellería no vó creado: 30%
Saldo inicial da conta: CERO Pts.

SEGUNDO.- Que se anule o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "CAMPO DO COUTO, TORROSO E OUTROS"
Elenco: PO-3007
Superficie: 831 Hás.
Pertenza: Comunidade de Santa Mariña de O Rosal
A descontar da conta de ingresos: 50.225.631.- Pts.
A descontar da conta de gastos: 36.422.983.- Pts.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 1991.

O CONSELLEIRO
(ORDE 29-10-91)
O SECRETARIO XERAL TECNICO,

XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

CONSELLERIA DE AGRICULTURA

**DIRECCION GENERAL DE LO FORESTAL Y DEL MEDIO AMBIENTE NATURAL**

# CONVENIO

| N.º | 36 | 15650 |
|---|---|---|

Comunidad: SANTA MARIÑA

Ayuntamiento: O ROSAL

Provincia: PONTEVEDRA

Este Convenio se establece al amparo de lo previsto en los artículos 24º y 49º al 56º y 58º del Real Decreto 1.279/1978, que aprueba el Reglamento para la aplicación de la Ley sobre Fomento de Producción Forestal complementados con los pertinentes de la Ley de Montes Vecinales de Mano Común y Reglamento para la aplicación de la misma y con el Decreto 69/1984, de 23 de Marzo, de la Xunta de Galicia.

Se regirá por las cláusulas que a continuación se consignan.

1.ª. El Convenio tiene por objeto:

a) La modificación de las condiciones establecidas en el Consorcio suscrito con fecha 1940 para la repoblación de los terrenos que se describen en la cláusula 2.ª cuyo Consorcio queda anulado por el presente documento.

b) La incorporación a este nuevo contrato del vuelo y obras auxiliares creados al amparo del anterior Consorcio.

c) La repoblación forestal de los terrenos todavía susceptibles de ella, que se describen en la cláusula segunda, la conservación y tratamiento selvícola de las masas que se creen, el aprovechamiento de las mismas y los trabajos de mejoras del monte.

d) La conservación, tratamiento selvícola y aprovechamiento del arbolado preexistente e independiente del Consorcio anterior, que continuará perteneciendo a la Comunidad propietaria (táchese si no existe).

e) Las obras y trabajos complementarios y auxiliares concordantes con los anteriores fines.

2.ª Los terrenos a los que el presente Convenio afecta pertenecen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de SANTA MARIÑA DE O ROSAL y son los que se describen a continuación:

Denominación: Montes de O Rosal

Situación administrativa y legal: monte veciñal en man comun

Límites: N: Término municipal de Oia.

E: Propio monte

S: Término municipal de A Guardia e montes de Tabagón.

O: Propio monte.

Superficie: 930 Has.

Estado Forestal: 508 Has. de "pinus pinaster" ; 40 Has. de "eucaliptus"

Con arbolado perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo: ----

Con vuelo creado por el ICONA procedente de repoblación realizada en virtud del Consorcio anterior que se convierte y anula: 548 Has.

Sin vegetación arbórea: 382 Has. (283 Has de zona Consorcio y 99 Has en zona ampliación).

Servidumbres: --

3.ª El suelo continuará perteneciendo a Comunidade de Santa Mariña

que aporta al Convenio:

a) Su participación en el vuelo creado en virtud del Consorcio anterior:
b) Los terrenos descritos en la cláusula segunda.
c) El arbolado de su pertenencia existente en los mismos que se citan en la cláusula segunda (táchese si no existiese).

4.ª La Consellería de Agricultura, aporta al Convenio su participación en el vuelo creado en virtud del anterior Consorcio y las cantidades necesarias para cubrir los gastos a que dará lugar la ejecución del Convenio.
En la correspondiente cuenta de gastos, el 50 por ciento se contabilizará en concepto de subvención. El restante 50 por ciento como anticipo reintegrable al interés 1 % del Banco de España.

5.ª Como primera partida de la cuenta del Convenio se consignará el saldo acreedor resultante de cerrar las cuentas de gastos e ingresos de los Consorcios anteriores, que quedarán extinguidos. Dicho saldo será la diferencia entre la totalidad de los gastos realizados con motivo de los Consorcios anteriores y la totalidad de los ingresos procedentes de los aprovechamientos realizados, con excepción de los percibidos por las partes que hayan intervenido en los consorcios como supuestos propietarios.
La relación de Consorcios a convertir, es como sigue: 831 Has de monte "CampOo de Couto, Torroso e outros", elenco 3007, e 99 has. de ampliación

6.ª Las propuestas o proyectos necesarios para el desarrollo de las finalidades consignadas serán aprobados por la Dirección General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural, de la Consellería de Agricultura.

7.ª De los ingresos obtenidos en cada aprovechamiento del arbolado procedente de la repoblación realizada en virtud del Consorcio anterior o del presente Convenio, la Consellería de Agricultura se reservará el 30 por ciento y entregará el 70 por ciento restante a la Comunidad propietaria.
De los ingresos obtenidos en los aprovechamientos del arbolado existente en el monte y por tanto perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo, la Consellería de Agricultura, recibirá el - por ciento y la Comunidad propietaria el - por ciento restante.

Si como consecuencia de la ejecución de un aprovechamiento la participación de la Consellería de Agricultura excediera del saldo acreedor existente en ese momento, en concepto del anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, se entregará el exceso a la Comunidad propietaria.

Los ingresos obtenidos de los restantes aprovechamientos, que se realizarán previa conformidad de la Comunidad propietaria, y que estarán subordinados en cuanto a su localización, época y cuantía, a las necesidades de la repoblación y conservación del vuelo, corresponderán al titular del suelo.

8.ª En el caso de incendio el Servicio de lo Forestal Provincial de la Consellería de Agricultura procederá al aprovechamiento del vuelo existente en el terreno siniestrado distribuyendo el importe que se obtenga con arreglo a las normas establecidas en el Convenio y a la restauración de la masa arbórea en las mismas condiciones económicas que el Convenio establece para el resto de los trabajos.

El presente Convenio, para su pleno funcionamiento y eficacia a todos los efectos como título auténtico, deberá ser suscrito por los representantes autorizados de ambas partes, figurando en el mismo certificación del acuerdo de la Junta de Comunidad, con el "quorum" reglamentario, en el que se designe la persona autorizada a efectos de la firma del Convenio.

Hasta que tenga lugar la devolución del anticipo de la Consellería de Agricultura asumirá la posesión del vuelo creado en virtud del antiguo Consorcio o que se cree, estableciéndose un derecho real de garantía sobre el mismo, que sin más requisitos que el contrato administrativo, será inscribible en el Registro de la Propiedad.

10.ª La duración de este Convenio será por un período de 25 años.
Transcurrido dicho período y si la Consellería de Agricultura con su participación en beneficios que se consigna en el primer párrafo de la cláusula séptima, hubiere cubierto su saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido el Convenio, reintegrándose el suelo y las existencias que sustentare a la plena posesión de la Comunidad propietaria.

En caso contrario, se prorrogará el Convenio automáticamente hasta que el resarcimiento tenga lugar.

En el caso de que el saldo acreedor de la Consellería de Agricultura se hubiera cubierto antes de que transcurra el plazo de duración del Convenio, se considerará este tácitamente renovado, de no existir manifestación expresa de una de las partes.

En cualquier momento podrá cancelarse el Convenio previo abono a la Consellería de Agricultura del saldo pendiente.

La extinción del Convenio lleva consigo el que la totalidad del vuelo existente acceda al titular de la propiedad del suelo, con exención del Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados.

11.ª Todas las mejoras realizas en el monte, tales como caminos, construcciones, etc., quedarán a beneficio del titular del suelo al extinguirse el Convenio. Sin embargo los caminos y otras obras de interés general quedarán gravados con una servidumbre de uso a favor de la Consellería de Agricultura si ésta lo precisare.

12.ª La especie a utilizar para la repoblación forestal objeto de este Convenio será xénero pino con algún bosquete de frondosas, segundo plans anuais de traballo

13.ª El Convenio tendrá carácter administrativo y todas las cuestiones que surjan acerca de su cumplimiento, rescisión, ejecución e interpretación, corresponderán a la jurisdicción administrativa de la Consellería de Agricultura y dentro de la misma se resolverán por el Director General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural.

Contra estos acuerdos se podrá recurrir en alzada ante la Consellería de Agricultura en el plazo de quince días hábiles, cuya resolución pondrá fin a la vía administrativa, pudiendo entablarse contra ella recurso contencioso-administrativo.

Don José Luis Martínez Costa Secretario de la Junta de Comunidad de Santa Mariña de O Rosal

CERTIFICO: Que las cláusulas que anteceden han sido aprobadas por esta Comunidad, cumpliéndose el requisito del «quorum» legal en Junta General celebrada el día 4 de agosto de 1991 designándose a Antonio Dorna Barbosa como representante de esta Junta a efectos de la firma del Convenio.

Y para que conste, expido la presente Certificación en O Rosal a dous de decembro de mil novecientos noventa e un.

V.º B.º

EL SECRETARIO,

El PRESIDENTE,

Fdo.: José Luis Martínez Costa

Fdo.: Antonio Dorna Barbosa

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ Director General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural de la Consellería de Agricultura de la Xunta de Galicia, da su conformidad a las Bases del presente Convenio y propone su firma.

A la vista de la anterior propuesta se firma el presente Convenio en Santiago de Compostela a 26 de decembro de 1991.

*Por la propiedad,*

(El Presidente)

*Por la Consellería de Agricultura,*

O SECRETARIO XERAL TECNICO,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

medio rural

En relación coa solicitude de rescisión total do convenio do monte "do Rosal" 3615650, presentada en data 8 de outubro de 2008 pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa María do Rosal (O Rosal) Pontevedra, e conforme ao acordo da asemblea xeral ordinario do 11 de marzo do 2007, infórmolle o seguinte:

**ANTECEDES DE FEITO**

1º.- Que o monte foi clasificado a favor dos veciños de Santa Mariña do Rosal (O Rosal) segundo Resolución do Xurado Provincial de Montes de data 11 de abril de 1984, cun total de 1.557 ha.

2º.- Que o 26 de decembro de 1991, resólvese a aprobación do convenio denominado "Montes do Rosal" co número 3615650 de 930 ha coa mesma comunidade, como transformación do consorcio PO-3007 denominado "Campo do Couto, Torroso e Outros" de 831 ha.

3º.- Que con data 25/09/2007 apróbase o Proxecto de Ordenación da C.M.V.M.C. do Rosal, co número de rexistro 36.0067.

4º.-Que, segundo as bases do convenio asinado a Consellaría aporta ao convenio as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

5º.- Que, a duración do presente convenio asinouse por un período de 25 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

6º.- Que se achega a contabilidade do convenio a data de hoxe, sendo o saldo acredor da conta 0,00 €.

Por todo isto,

**PROPOÑEMOS:**

1º.- Que se aprobe a rescisión das 930 ha do monte "Montes do Rosal" 3615650 propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa Mariña do Rosal, concello de O Rosal, sen que por parte da comunidade deba reintegrar cantidade ningunha.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2008

**O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**Alberte Blanco Casal**

**Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-**
**Santiago de Compostela.-**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

medio rural

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
ASESORIA XURÍDICA
29 OUT. 2008
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 612

En relación co expediente remitido pola D. X. de Montes e Industrias Forestais relativo a rescisión total do Convenio nº 3615650 monte" do Rosal " propiedade de Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa María do Rosal sito en (O Rosal) Pontevedra e cunha superficie actual de 1.557 has, exprésase como criterio desta asesoría xurídica:

1.- Que o monte foi clasificado a favor dos veciños de Santa Mariña do Rosal (O Rosal) segundo Resolución do Xurado Provincial de Montes de data 11 de abril de 1984, cun total de 1.557 has.

2- Que a Consellaría de Medio Rural subscribiu con data 26/12/1991 a aprobación do convenio denominado "Montes do Rosal" co número 3615650 de 930 has. coa mesma comunidade, como trasnformación do consorcio PO-3007 denominado "Campo do Couto, Torroso e outros" de 831 has.

No citado convenio establécese que este terá carácter administrativo e a Consellaría de Agricultura interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento. En canto á súa duración sinálase que o convenio será por un período de .25 anos.Transcorrido este tempo, e se a Consellaría, coa súa participación en beneficios que se consigue na cláusula sétima. cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta. quedará automaticamente extinguido o convenio reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular. En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.
En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellaría do saldo pendente.

Segundo o Decreto 562/2005, correspóndelle á consellería de Medio Rural a competencia en materia de montes.

3.- A Disposición adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.... As débedas dos consorcios realizados pola Administración Forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación como veciñal en man común....

En todo caso aquelas comunidades que se beneficien da condonación da débeda e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un Plan de aproveitamentos e xestión do monte que haberá de ser aprobado pola Administración.

-Con data 25-09-2007, aprobouse o proxecto de ordenación da C.M.V.M.C. do Rosal, co número de rexistro 36.0067

4.- Con data 8/10/2008 o Presidente da C.M.V.M.C. de Santa María do Rosal a chega a certificación da aprobación do acordado na asemblea Xeral Ordinaria do 11 -3-2008, na que se acorda a proposta da rescisión do convenio por unanimidade dos asistentes, cun "quorum" total do 52/% do total.

5.- O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra da Consellaría de Medio Rural, no seu informe de data 14/10/08, propón:

- Que se aprobe a rescisión das 930 has. do monte "Montes do Rosal" 3615650 propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa Mariña do Rosal, concello de O Rosal, sen que por parte da comunidade deba reintegrar ningunha cantidade.

Achegase a contabilidade do convenio a data de hoxe, sendo o saldo acredor da conta 0.00€.

A Dirección Xeral de Montes formula a seguinte proposta de Resolución no mesmo sentido que o Servicio Provincial de Pontevedra.

6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de rescisión do convenio nos termos establecidos na indicada proposta, correspóndelle a rescisión ao Sr. Conselleiro

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2008

O asesor xurídico

XUNTA DE GALICIA ASESORÍA XURÍDICA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Juan José Lois Barcia

XEFE DE SERVIZO DE XESTIÓN DE MONTES.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

medio rural

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

**R E S O L V O:**

1º.- Aprobar a rescisión das 930 ha do monte "Montes do Rosal" 3615650 propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa Mariña do Rosal, concello de O Rosal, sen que por parte da comunidade se deba reintegrar cantidade ningunha.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2008

**O CONSELLEIRO**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
O CONSELLEIRO

**Alfredo Suárez Canal**